



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

“ APOIO A PERSOAS COIDADORAS” DURANTE O ANO 2022-2023.

EXPTE. 2022/CONTRAT/000004

LOTE 3: REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “PASEO DOS SENTIDOS”, INTERVENCIÓN CON PERSOAS QUE ASISTEN A “COIDANDO EMOCIÓNS”

Informe de avaliación da Calidade do proxecto técnico.

A. Concordancia co medio real onde se desenvolven as actividades e grao de coñecemento da situación real en relación coa intervención coas persoas cuidadoras nos Servizos Sociais do concello de Oleiros.

Na oferta expón un amplo programa de intervención centrado na inmersión sensorial na natureza a través da observación e o coñecemento do entorno, incorporando técnicas de educación ambiental, interpretación do patrimonio, intervención educativa e baños de bosque.

O programa axustase aos obxectivos de intervención con persoas cuidadoras dentro da perspectiva de “Coidar ao cuidador” que se traballa dentro dos Servizos Sociais do Concello de Oleiros.

B. Adecuación da metodoloxía a utilizar en función dos/as destinatarios/as participantes nas actividades ofertadas

A metodoloxía a empregar é aberta e flexible, importante para adaptación a un colectivo diverso. Tendo en conta as diferentes etapas de intervención e os ritmos das persoas participantes.

C. Elaboración e deseño da programación anual da intervención: obxectivos, contidos, metodoloxía, medios asignados, das actividades a desenvolver e seguimento.

Aporta unha ampla e completa programación e desenvolve de forma meticulosa tódolos aspectos que interveñen.

As rutas abranguen toda a xeografía de Oleiros e unha en concello limítrofe, adáptanse as diferentes estacións do ano con obxectivos específicos e transversais moi ben estruturados e a vez flexibles para adaptar as diferencias tanto dos participantes como outras alleas o grupo (climatoloxía, incidencias en camiños, eventos....)

Aportan tamén protocolos de recollida de información para o seguimento e avaliación .

D. Equipo profesional

O equipo profesional asignado a intervención conta cunha ampla experiencia profesional e formación na educación ambiental, animación sociocultural e a intervención en espazos naturais con grupos incluíndo persoas cuidadoras.

E. Condicións laborais do persoal adscrito

Considero que a información neste aspecto non é clara e concluínte para a súa valoración

Neste apartado se inclúe o seguinte texto:



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

“SALARIO BRUTO POR HORA DO PERSOAL ADSCRITO

Esproade S.L. establecería como salario bruto por saída 75,00 euros, o que suporía unha mellora sobre o convenio de 442,48% “

Non queda claro a que corresponde o salario bruto o que se refire xa que no encabezamento menciona o prezo hora e no contido o prezo saída. Non especifica si se refire o salario bruto correspondente a prezo hora/saída, un total de 20 horas anuais. Sendo incorrecto o cálculo a mellora sobre o convenio xa que debe contemplar número de horas do conxunto das funcións a desenvolver.

Como se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares, as funcións da figura profesional deberá realizar a execución da ruta (8 saídas de 2.5 horas de execución), e: *“Deseñar e executar as rutas. Deberá realizar unha preparación da ruta cun mínimo de 15 días de antelación a realización co grupo”* nestas funcións deben incorporarse tarefas de planificación, elaboración de contidos, avaliación que segundo o cadro de desagregación de persoal incorporado no prego de cláusulas administrativas na páxina 28 corresponde a unha estimación de 80 horas anuais dun posto de monitor educativo segundo o *“Convenio colectivo marco estatal del sector ocio educativo y animación sociocultural”*

Por tanto considero o proxecto exposto pola empresa *“Esproade “ SI*, un proxecto de calidade concordante cos obxectivos da actividade e as características do colectivo que vai dirixido asignándolle unha puntuación de 40 puntos.